

**EXPEDIENTE:** PR946B 2021/000034-0

**SOLICITANTE:** FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN

**Nº REGISTRO:** F-00528

**Procedemento:** Modificación dos Estatutos da Federación Galega de Natación

## ANTECEDENTES

1. O 11/11/2021 a Federación Galega de Natación solicitou a inscrición da modificación dos seus Estatutos no Rexistro de Entidades deportivas de Galicia.
2. A modificación estatutaria foi aprobada pola pola Asemblea Xeral o 16 de outubro de 2021.
3. A modificación estatutaria afecta aos artigos 11 e 41 coa incorporación dun novo parágrafo en cada un deles para regular a posibilidade de convocar e celebrar tanto as sesións ordinarias como extraordinarias da Asemblea Xeral e outros órganos, a través de medios telemáticos:

**Artigo 11, último parágrafo:** "As sesións ordinarias e extraordinarias dos órganos de goberno e órganos complementarios poderán convocarse e celebrarse por vídeo, videoconferencia, webconferencia ou por conferencia telefónica múltiple sempre que todas as persoas que tivesen dereito de asistencia ou quen os represente dispoñan dos medios necesarios, o secretario da FEGAN recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato ás

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE  
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA  
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela  
T 881 996 342  
[secretaria.deporte@xunta.gal](mailto:secretaria.deporte@xunta.gal)



direccións de correo electrónico. Así mesmo, os medios electrónicos deben asegurar, a interactividade e intercomunicación entre os membros en tempo real, así como o contido das súas manifestacións no momento en que estas se produzan. No caso da celebración da sesión por algún destes medios, esta entenderase celebrada no domicilio social.”

**Artigo 41, último parágrafo:** "As sesións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral poderán convocarse e celebrarse por vídeo, videoconferencia, webconferencia ou por conferencia telefónica múltiple sempre que todas as persoas que tivesen dereito de asistencia ou quen os represente dispoñan dos medios necesarios, o secretario da FEGAN recoñeza a súa identidade, e así o exprese na acta, que remitirá de inmediato ás direccións de correo electrónico. Así mesmo, os medios electrónicos deben asegurar, a interactividade e intercomunicación entre os membros en tempo real, así como o contido das súas manifestacións no momento en que estas se produzan. No caso da celebración da sesión por algún destes medios, esta entenderase celebrada no domicilio social.”

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. Corresponde ao Secretario Xeral para o Deporte a competencia para resolver este procedemento conforme ao disposto no artigo 17.3 do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
2. A solicitude foi presentada dentro do prazo de dous meses desde a aprobación da modificación estatutaria (art. 20.2 do decreto 85/2014).

Por todo o anterior **RESOLVO:**



**Anotar** no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia a modificación dos estatutos da Federación Galega de Natación nos termos redactados nos antecedentes desta resolución.

Contra esta resolución pódese interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Secretaría Xeral para o Deporte no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,  
O secretario Xeral para o Deporte  
(asinado electronicamente)  
José Ramón Lete Lasa

